

Núm. exp.	Solicitante	DNI/CIF	Titulación	Área	Univ. onde solicita 3º ciclo	Media final ponderada
2008/000010-0	Meizoso Loza, Fernando	53496796-S	Lic. bioloxía	Ciencias experimentais	USC	1,6789
2008/000136-0	Veiga Villarino, Alba	33542909-P	Lic. bioloxía	Ciencias experimentais	UDC	1,6657
2008/000261-0	Cabello Conejo, María Isabel	74914343-P	Lic. ciencias ambientais	Ciencias experimentais	USC	1,6528
2008/000165-0	Nachón García, David José	78800732-H	Lic. bioloxía	Ciencias experimentais	USC	1,6309
2008/000079-0	Imbernón Piedra, Mónica	53620745-V	Lic. bioloxía	Ciencias experimentais	USC	1,5943
2008/000276-0	Freire Rodríguez, Sonia	33348696-F	Lic. ciencia e tecnoloxía dos alimentos	Ciencias experimentais	USC	1,5847
2008/000115-0	Gómez Rodrigues, Marcelo	39488106-G	Lic. bioloxía	Ciencias experimentais	UVIGO	1,5792
2008/000245-0	Lucena Moya, Paloma	44580915-S	Lic. bioloxía	Ciencias experimentais	UVIGO	1,5658
2008/000016-0	Iglesias González, Yaiza	76906478-K	Lic. bioloxía	Ciencias experimentais	USC	1,5639
2008/000197-0	Varela Figueira, Laura	32706611-J	Lic. psicoloxía	CC. sociais e xurídicas	USC	1,6551
2008/000067-0	López López, Laura	33549167-X	Lic. psicoloxía	CC. sociais e xurídicas	USC	1,6316
2008/000050-0	De Nieves Gutiérrez, Arturo	47361839-D	Lic. socioloxía	CC. sociais e xurídicas	UDC	1,6229
2008/000222-0	López Romero, Laura	33542271-Z	Lic. psicoloxía	CC. sociais e xurídicas	USC	1,6226
2008/000060-0	López Vázquez, Laura	44849444-L	Lic. psicoloxía	CC. sociais e xurídicas	USC	1,6212
2008/000133-0	González Palomares, Alba	39451981-N	Lic. ciencias da actividade física e do deporte	CC. sociais e xurídicas	UVIGO	1,6005
2008/000353-0	Martínez Ruiz, Diego	16605901-Q	Lic. ciencias da actividade física e do deporte	CC. sociais e xurídicas	UDC	1,5805
2008/000303-0	Méndez Bouza, Marcos	76575326-T	Lic. comunicación audiovisual	CC. sociais e xurídicas	UDC	1,5594
2008/000258-0	Sotelino Losada, Alejandro	44454305-C	Lic. pedagogía	CC. sociais e xurídicas	USC	1,5475
2008/000301-0	López López, José Luis	76580448-Q	Enx. en informática	Ensinanzas técnicas	UDC	1,2028
2008/000160-0	Aguiar Pulido, Vanessa	79330394-J	Enx. en informática	Ensinanzas técnicas	UDC	1,1921
2008/000140-0	Álvarez Mariño, Casimiro	36128322-Z	Enx. industrial	Ensinanzas técnicas	UVIGO	1,1900
2008/000145-0	Noya Mariño, Manuel	44813583-S	Enx. químico	Ensinanzas técnicas	USC	1,1717
2008/000075-0	Mato Míguez, Beatriz	44829469-P	Lic. filoloxía inglesa	Humanidades	USC	1,7302
2008/000302-0	Nieto Míguez, Silvia	47365947-T	Lic. filoloxía inglesa	Humanidades	UDC	1,6258
2008/000168-0	Rodríguez Paz, Diego	33547523-E	Lic. historia da arte	Humanidades	USC	1,5596
2008/000047-0	Moure Pazos, Ivan	44808689-C	Lic. historia da arte	Humanidades	USC	1,5522
2008/000269-0	González Rodríguez, Melissa	32693256-K	Lic. filoloxía inglesa	Humanidades	UDC	1,5509
2008/000042-0	Cortizas Varela, Olalla	32707395-S	Lic. belas artes	Humanidades	UVIGO	1,5332
2008/000225-0	Conde Cid, Natalia	44479641-X	Lic. historia da arte	Humanidades	USC	1,5123
2008/000219-0	Zaragoza Arias, Marfa	34991288-P	Lic. historia da arte	Humanidades	USC	1,4710

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Corrección de erros.-Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento da utilización de maquinaria e equipamentos agrarios en réxime asociativo en Galicia, e se convocan para o ano 2009.

Advertidos erros na devandita orde, publicada no DOG nº 5, do 8 de xaneiro de 2009, cómpre efectuar as oportunas correccións.

Na páxina 364, o cadro descritivo das intensidades da axuda cómpre que se substitúa polo que a seguir se indica:

Cadro descritivo das intensidades da axuda

	Localización da entidade	A entidade é de especial interese social	Maquinaria descrita no punto 1).b) deste artigo	Porcentaxe da axuda sobre o investimento
1	Zona de montaña	Si		50%
2	Outras zonas desfavorecidas	Si	Si	50%
3			Non	45%
4		Non	Si	45%
5			Non	40%
6	Zona ordinaria	Si		40%
		Non	Si	40%
			Non	35%

Na páxina 368, no artigo 13, parágrafo 8, cómpre engadir unha letra c) co seguinte texto:

c) No caso de adquisición de carros mesturadores autopulsados, mapa ou bosquexo a escala, coa localización das explotacións beneficiarias do servizo e percorrido do carro en km.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Orde do 19 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2009 as axudas para a prevención de ataques de lobo ao gando.

Ao abeiro do disposto no artigo 148.1º.11 da Constitución española, en virtude do establecido no artigo 27.15º do Estatuto de autonomía de Galicia, esta comunidade autónoma ten competencia exclusiva en materia de caza.

O Decreto 211/2005, do 3 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia,

crea a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, establecendo a súa estrutura orgánica básica polo Decreto 232/2005, do 11 de agosto, no cal se recolle a Dirección Xeral de Conservación da Natureza como un dos centros directivos adscritos a ela. Así mesmo, segundo o Decreto 1/2006, do 12 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, compéttelle á dita consellería, a través da precitada dirección xeral, a ordenación e o aproveitamento dos recursos cinexéticos.

A presenza do lobo en espazos rurais moi humanizados é, con frecuencia, causa de conflito cos gandeiros. Por iso, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible estableceu unha liña de axudas a favor dos gandeiros afectados por esta actividade depredadora dos lobos. Nesa mesma liña, preténdense agora artellar diversas accións de protección dos rabaños para evitar os danos que causan estes cánidos sobre o gando do noso país. Son medidas, tradicionais unhas e máis innovadoras outras, que pretenden afastar do gando doméstico, que pasa en réxime de liberdade ou de semiliberdade, os lobos que puidesen depredalo.

O réxime xeral das axudas e subvencións nesta Administración pública establécese nas disposicións básicas da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A nivel regulamentario, a normativa principal está representada polo Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, en canto non se opoña á citada lei. Esta orde cumpre coas exixencias da precitada normativa.

Na súa virtude, conforme o disposto no artigo 27.15º do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto e principios.*

1. Esta orde ten por obxecto establecer unha liña de axudas para fomentar a aplicación de medidas de protección do gando saneado en explotacións extensivas ou semiextensivas, para o cal se incentivará a adquisición de elementos preventivos e disuasorios dos ataques do lobo ao gando saneado das especies vacúa, cabrúa e ovina.

2. Estas axudas tramitaranse baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación, con eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Artigo 2º.-*Actuacións subvencionables.*

1. Ao abeiro desta orde, subvencionarase a adquisición de cans mastíns, pastores eléctricos, o emprego de curros con malla electrificada e a instalación

de cercados con malla ovelleira e postes de madeira tratada, cuxa adquisición teña lugar entre o 1 de xaneiro e o 15 de setembro de 2009.

2. Non será obxecto de subvención nesta campaña o transporte dos materiais, nin a man de obra para a instalación e o mantemento dos pastores eléctricos, e todos aqueles que figuren no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 xuño, como non subvencionables.

Artigo 3º.-*Beneficiarios e requisitos comúns.*

1. Poderanse acoller a estas axudas os gandeiros con explotacións na Comunidade Autónoma de Galicia, das especies ovina, vacúa e cabrúa.

2. O gando deberá de estar identificado e saneado de acordo coa normativa aplicable para o efecto.

3. Os beneficiarios destas axudas terán que acreditar a súa inclusión no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.

4. Non poderán obter a condición de beneficiarios das axudas previstas nesta orde as persoas ou entidades en que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4º.-*Adquisición de cans mastíns.*

1. Será subvencionable a adquisición de cans de raza mastín leonés dunha idade inferior aos 4 meses, o interesado deberá achegar a documentación relativa aos controis sanitarios segundo a lexislación vixente e seguir as indicacións contidas no *Manual práctico para o coidado e adestramento de cans mastíns para a protección do gando*, publicado pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible en colaboración coa *Asociación Ovica*.

2. Estas axudas poderán cubrir a totalidade do custo de adquisición dos cans mastíns. O número dos subvencionables por explotación estará en función da facenda gandeira, podendo subvencionarse un máximo dun mastín por rabaño de ata 30 reses de gando menor ou 10 reses de gando maior; e ata dous mastíns por explotación cando se supere este número de reses.

3. O importe das axudas non excederá 250 € por mastín e poderán minorarse na contía que proceda, en función do número de solicitudes e da contía orzamentaria.

Artigo 5º.-*Pastores eléctricos.*

1. As axudas relativas á instalación dos pastores eléctricos poderán cubrir ata a totalidade do seu custo de adquisición.

2. A contía máxima da axuda por cada pastor será de 100 € e poden concederse varias axudas para a instalación de máis pastores nunha mesma explotación e formuladas nunha mesma solicitude, non superará en ningún caso o número de 4.

Artigo 6º.-*Emprego de curros.*

As axudas concedidas poderán cubrir ata a totalidade do custo da adquisición de mallas electrificadas móbiles que se conectan a pastores eléctricos,

sendo a contía máxima da devandita axuda de 100 € por malla de 50 m, ata un máximo de 4 mallas por explotación, as mallas teñen que cumprir as especificacións que figuran no anexo III desta orde.

Artigo 7º.-*Cercado con malla ovelleira e postes de madeira tratada.*

1. A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible subvencionará a instalación de cercados fixos con malla ovelleira e postes de madeira tratada, destinado a protexer o gando dos ataques do lobo cunha lonxitude máxima de 400 m. Subvencionarase un cercado por cada rabaño de ata 30 reses de gando menor ou 10 reses de gando maior e un máximo de dous cercados por explotación cando se supere o dito número de reses, cun importe máximo de 3,75 €/m e 1.500 € por cercado.

2. Os servizos provinciais de Conservación da Natureza certificarán que as instalacións cumpren as especificacións do anexo III desta orde.

Artigo 8º.-*Compromisos por parte do gandeiro que perciba unha subvención.*

1. O gandeiro perceptor da axuda asume o compromiso do mantemento e debido uso dos sistemas de prevención de danos que sexan obxecto de subvención. No caso dos cans mastíns o vendedor deberá presentar a documentación relativa aos controis sanitarios realizados segundo a lexislación vixente e o comprador seguirá as indicacións contidas no *Manual práctico para o coidado e adestramento de cans mastíns para a protección do gando*, publicado pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible en colaboración coa *Asociación Ovica*. Para tal efecto, poderá solicitar asesoramento técnico á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

2. A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible poderá realizar as inspeccións que coide oportunas para comprobar o estado, manexo e eficiencia dos sistemas de prevención de danos subvencionados.

3. O beneficiario destas axudas asume a obriga, polo menos durante un prazo de tres anos, de destinar estes elementos preventivos e disuasorios obxecto de subvención para os fins de protección previstos nesta orde.

Artigo 9º.-*Criterios para a concesión da axuda.*

1. Para a concesión das axudas establécense os seguintes criterios de valoración, por orde de preferencia:

a) Existencia de ataques de lobos e reincidencia de ataques (*): 10 puntos; e 1 punto máis por cada ataque reincidente.

b) Presenza e densidade de lobo no concello (**): zona 1: 8 puntos; zona 2: 4 puntos; zona 3: 1 punto.

c) Nº de cabezas de gando:

Gando maior, máis de 10 cabezas: 2 puntos.

Gando maior, máis de 20 cabezas: 4 puntos.

Gando maior, máis de 40 cabezas: 6 puntos.

Gando menor, máis de 30 cabezas: 2 puntos.

Gando menor, máis de 60 cabezas: 4 puntos.

Gando menor, máis de 100 cabezas: 6 puntos.

(*). A existencia de ataques de lobos toma como criterio espacial o do municipio en que se produciron os ataques e, como criterio temporal, o do último ano segundo establece o anexo IV.

(**). A presenza e densidade de lobos na zona determinarase en función dos datos que figuran no mapa de densidades do proxecto de Plan de xestión do lobo que elaborou a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

2. O criterio de repartición será atendendo ás solicitudes ordenadas de maior a menor puntuación ata esgotar o crédito.

Artigo 10º.-*Solicitudes e documentación.*

1. As solicitudes formalizaranse mediante instancia dirixida ao conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, segundo o modelo normalizado que se recolle no anexo I desta convocatoria.

2. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes, contado a partir da data de entrada en vigor desta orde.

3. Xunto coa solicitude, presentarase a seguinte documentación:

a) Copia das follas de saneamento.

b) Fotocopia do CIF do propietario das reses.

c) Ficha para a transferencia bancaria no modelo que se xunta como anexo II a esta orde.

d) Se o titular fose unha persoa xurídica, acordo do órgano competente deste polo que se aprobou a solicitude desta axuda.

e) Cando se actúe en nome doutra persoa, física ou xurídica, deberase acreditar a representación con que se actúa e ademais o acordo dos partícipes para solicitar a subvención. Cando se trate dunha comunidade de bens, ademais acreditarase que o acordo se tomou pola maioría dos seus membros e o réxime de participación de cada un deles na devandita comunidade.

f) Declaración do conxunto das solicitudes de axudas solicitadas ou concedidas, para o mesmo fin, das distintas administracións públicas no modelo que se xunta como anexo V a esta orde.

4. A presentación da solicitude de concesión de axuda ou subvención polo interesado, segundo o artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, agás denegación expresa por parte do solicitante, que deberá presentar entón a certificación nos termos

previstos regulamentariamente. Esta comprobación efectuarase tanto antes de ditar a resolución de concesión como da tramitación do pagamento.

Artigo 11º.-*Tramitación.*

1. As solicitudes da axuda serán examinadas, xunto coa documentación anexa, nos servizos provinciais de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. No caso de carencias ou defectos de forma, requirirase o interesado para que, nun prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou proporcione os documentos preceptivos. De non se proceder á devandita emenda no prazo indicado, darase por desistido da súa petición, segundo o artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da devandita lei.

2. Os servizos provinciais de Conservación da Natureza remitirán os expedientes xunto co seu informe, onde se fará constar que as actuacións non comezaron antes do 1 de xaneiro de 2009, á Subdirección Xeral de Recursos Cinexéticos e Piscícolas, no prazo máximo de dous meses, contados a partir da data límite de presentación de solicitudes.

3. Os expedientes serán valorados por unha comisión de avaliación creada para tal fin. Esta comisión establecerá a puntuación mínima que deben acadar os solicitantes para obter a condición final de beneficiarios, tendo en conta o límite orzamentario previsto. A comisión estará presidida polo titular da Subdirección Xeral de Recursos Cinexéticos e Piscícolas, ou persoa en quen delegue. Ademais, serán membros da citada comisión os titulares das xefaturas de servizo e sección competentes en materia de recursos cinexéticos nos servizos centrais. Este último actuará como secretario desta.

4. Esta comisión de avaliación formulará o correspondente informe-proposta de concesión ou denegación das subvencións, proposta que se axustará ao disposto no artigo 9.5º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e que será elevada ao órgano competente para resolver.

Artigo 12º.-*Resolución e recursos.*

1. O director xeral de Conservación da Natureza, nun prazo máximo de seis meses, contados a partir da entrada en vigor desta orde, resolverá conceder ou denegar as axudas solicitadas, en atención aos criterios preferentes contidos nela e das dispoñibilidades orzamentarias.

2. Transcorrido o devandito prazo para resolver e notificar sen que o interesado recibise comunicación expresa da resolución, entenderanse desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo, de conformidade co disposto no artigo 23.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo da obriga de resolver expresamen-

te as devanditas solicitudes, de conformidade co previsto no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

3. A resolución ditada, segundo o disposto no número 1 deste artigo, porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso potestativo de reposición diante do conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, no prazo dun mes a partir da notificación da resolución, ou ben impugnala directamente diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses se a resolución for expresa, ou tres meses desde que se entenda desestimada por silencio administrativo, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e 46 da Lei 26/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

4. O outorgamento da subvención debe ser aceptado polo beneficiario no prazo máximo de 15 días, desde a súa notificación, coas condicións específicas recollidas nesta orde. No caso de que o beneficiario non comunique a súa aceptación dentro do prazo indicado, considerarase que se entende tacitamente aceptada a axuda concedida.

5. O solicitante verase obrigado á comunicación de calquera das modificacións que foron tidas en conta para ditar a resolución de aprobación da subvención solicitada e, en especial, as relativas ao previsto no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. As resolucións de concesión da subvención incluíranse no Rexistro Público de Subvencións dependente da Consellería de Economía e Facenda co fin da ordenación e coñecemento da actividade subvencional en Galicia. Os datos incorporados a este poderán ser obxecto de rectificación, cancelación e oposición polo interesado. No suposto de que a publicación dos datos do beneficiario poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas segundo a Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, este poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos.

Artigo 13º.-*Publicidade da resolución.*

1. A Dirección Xeral de Conservación da Natureza ordenará a publicación no *Diario Oficial de Galicia* das subvencións concedidas, expresando a convocatoria, programa e crédito orzamentario a que se lle imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

2. Igualmente, de conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible publicará na súa páxina web ofi-

cial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao amparo desta orde, e incluíra igualmente as referidas axudas e as sancións que como consecuencia delas se puidesen impoñer, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a súa publicación na citada páxina web.

Artigo 14.º.-*Compatibilidade.*

As axudas previstas nesta orde serán compatibles con outras subvencións de calquera outra Administración pública para a mesma finalidade, sempre que a suma das subvencións concedidas non supere o importe total dos gastos, conforme o establecido no artigo 17.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 15.º.-*Xustificación do gasto.*

1. A xustificación do investimento obxecto de axuda deberase realizar mediante documentación que acredite a efectiva realización dos pagamentos: extractos de contas, ordes de transferencia, talóns, certificacións bancarias ou documentos equivalentes. De ser o caso, á anterior documentación xuntaráse a copia das facturas emitidas polos provedores.

2. No caso de adquisición de cans mastíns, presentárase ademais do especificado no punto 1, o certificado expedido por un veterinario colexiado, en que se acredite a idade do can e a súa raza. Deberase acompañar así mesmo da documentación sobre os controis sanitarios.

3. Con carácter xeral e agás que a resolución da concesión da axuda dispoña o contrario, as xustificacións dos investimentos deberanse realizar antes do 30 de setembro, presentando a documentación acreditativa de tal circunstancia nos servizos provinciais de Conservación da Natureza.

Artigo 16.º.-*Revogación.*

1. Procederá a revogación das axudas concedidas, así como o reintegro total ou parcial das contías percibidas e a exixencia dos xuros de mora, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 9/2007, citada, nos casos e termos previstos no artigo 33 da mesma lei.

2. Aos beneficiarios seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións aplicable segundo o establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; así como o procedemento previsto no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Artigo 17.º.-*Control das actividades subvencionadas.*

1. Ademais da documentación complementaria que durante a tramitación do procedemento lle poidan exixir o órgano xestor correspondente da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, os beneficiarios están obrigados a se someteren ás actuacións de comprobación e control que poidan efectuar os servizos competentes da Consellería de Medio Ambiente

e Desenvolvemento Sostible, así como a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como a que lles solicite calquera órgano comunitario de inspección ou control, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. De conformidade co establecido no artigo 15.4º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, o beneficiario deberá incluír necesariamente no momento do pagamento unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes, no modelo que se xunta como anexo V a esta orde.

Artigo 18.º.-*Financiamento.*

As axudas concedidas ao abeiro desta orde financiaráas a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible con cargo á aplicación orzamentaria 15.02.541 B. 770.1, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, ata un importe de noventa e catro mil cincocentos euros (94.500 €) para o exercicio orzamentario.

Esta dotación inicial poderá incrementarse en proporción ao número de solicitudes e ás dispoñibilidades orzamentarias, con cargo ás mesmas aplicacións e nas condicións previstas no artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición adicional

Única.-Delegación de funcións.

Delégase no director xeral de Conservación da Natureza o exercicio da competencia para conceder ou denegar as axudas obxecto desta orde, contida no seu artigo 12.1º, de acordo co disposto no artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Igualmente, delégase no director xeral de Conservación da Natureza a prórroga dos prazos previstos no artigo 15.3 desta orde.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Desenvolvemento.

Facúltase o director xeral de Conservación da Natureza para que dite, no ámbito das súas competencias, as instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento do establecido nesta orde.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2009.

Manuel Vázquez Fernández
Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS ECONÓMICAS PARA A PREVENCIÓN DE ATAQUES DE LOBO AO GANDO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MA719D	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/DA SOLICITANTE

DON/DONA		NIF	
ACTUANDO COMO		CIF	PROVINCIA
ENDEREZO			
LOCALIDADE	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

IDENTIFICACIÓN DA ZONA DOS DANOS

COMARCA	PROVINCIA	CONCELLO
---------	-----------	----------

DATOS DA SUBVENCIÓN

<input type="checkbox"/> CANS MASTÍNS	NÚM. DE EXEMPLARES SOLICITADOS:	
<input type="checkbox"/> PASTORES ELÉCTRICOS	NÚM. DE EXEMPLARES SOLICITADOS:	
<input type="checkbox"/> EMPREGO DE CURROS	Nº DE MALLAS DE 50 m SOLICITADAS:	
<input type="checkbox"/> CERCADO CON MALLA OVELLEIRA E POSTE DE MADEIRA TRATADA	Nº METROS LINEAIS DE CADA CERCADO	CERCADO 1 CERCADO 2

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

<input type="checkbox"/> COPIA DA FOLLA DE SANEAMENTO.
<input type="checkbox"/> FOTOCOPIA DO CIF/NIF DO PROPIETARIO DAS RESES.
<input type="checkbox"/> FICHA PARA A TRANSFERENCIA BANCARIA.
<input type="checkbox"/> ACORDO DO ÓRGANO COMPETENTE POLO QUE SE APROBOU A SOLICITUDE DE AXUDA.
<input type="checkbox"/> CANDO SE ACTÚE EN NOME DOUTRA PERSOA, FÍSICA OU XURÍDICA, ASÍ COMO DUNHA COMUNIDADE DE BENS, DEBERASE ACREDITAR A REPRESENTACIÓN CON QUE SE ACTÚA.
<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN CONXUNTA DAS SOLICITUDES DE AXUDAS EFECTUADAS O CONCEDIDAS, PARA O MESMO FIN, DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES.

De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publicará, no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial, a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao amparo desta orde.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como erspnsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 19 de xaneiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2009 axudas para a prevención de ataques de lobo ao gando.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
SINATURA DO/A SOLICITANTE		RECIBIDO
	REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
		DATA DE EFECTOS
		DATA DE SAÍDA

Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

Remitir información ao Servizo Provincial de Conservación da Natureza:

Praza Luís Seoane, s/n-5ª planta
15008 A Coruña

Rolda da Muralla, 70-1ª planta
27002 Lugo

Rúa do Paseo, 18
32003 Ourense

Rúa Benito Corbal, 47-5ª planta
36071 Pontevedra

ANEXO II

EXPEDIENTE
<input type="text"/>

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

TITULAR DA CONTA		CIF/NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS DA CONTA

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME	ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

CERTIFICO:

Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número da conta.

,

SINATURA DO/DA SOLICITANTE

SINATURA E SELO DA ENTIDADE FINANCEIRA

ANEXO III

-Emprego de curros:

A instalación de valados electrificados é outro dos métodos utilizados para evitar que os depredadores accedan ao gando.

Os animais que tocan os arames condutores do valado reciben unha pequena descarga eléctrica. Esta experiencia desagradable é aprendida e así conséguese que non intenten achegarse de novo ao cercado.

Un valado electrificado instálase rodeando a parcela ou superficie en que se atopa o gando durante o día ou cercando os currais onde pasa a noite. Os valados electrificados desmontables permiten cam-

biar a súa situación en función das necesidades do gando.

Os valados electrificados que se atopan no mercado constan de malla electrificada con 10 fíos horizontais e 15 postes para unha lonxitude de 50 m, sendo a súa altura de 108 cm.

-Cercado con malla ovelleira e postes de madeira tratada:

O modelo para empregar sería o 200/20/15, é dicir 200 cm de altura, 20 fíos horizontais e separación entre os fíos verticais de 15 cm. A malla deberá ir enterrada polo menos 20 cm, de forma que a altura do peche sexa como mínimo de 180 cm.

Os postes deberán ser de madeira con tratamento para a súa protección contra a podrencia.

ANEXO IV

Ataques do lobo sobre o gando producidos entre o 1 de outubro
de 2007 ata o 30 de setembro de 2008

Ataques confirmados o último ano:

Municipio	
Abegondo	2
Aranga	2
Boimorto	3
Boiro	5
Brión	1
Carballo	3
Carral	2
Cerceda	3
Cesuras	1
Curtis	3
Dumbría	4
Fisterra	1
Laracha, A	9
Laxe	1
Lousame	1
Mazaricos	8
Melide	4
Mesía	12
Monfero	1
Muxía	2
Negreira	1
Ordes	3
Pobra do Caramiñal, A	1
Pontes de García Rodríguez, As	1
Santa Comba	3
Santiago de Compostela	3
Santiso	1
Sobrado	2
Toques	1
Tordoia	5
Trazo	1
Vimianzo	1
Zas	1
Abadín	4
Alfoz	1
Baralla	2
Bóveda	1
Carballedo	2
Castro de Rei	1
Cervantes	4
Cervo	1
Chantada	8
Corgo, O	2
Friol	19
Guitiriz	1
Guntín de Pallares	2

Municipio	
Incio, O	4
Láncara	6
Lourenzá	2
Lugo	3
Mondoñedo	1
Monforte de Lemos	2
Muras	14
Ouro	5
Palas de Rei	2
Pantón	1
Paradela	1
Pobra do Brollón, A	1
Pol	1
Portomarín	5
Ribadeo	1
Sarria	2
Saviñao, O	1
Taboada	1
Triacastela	1
Valadouro, O	17
Vilalba	1
Xermade	6
Xove	1
Allariz	2
Bande	2
Boborás	3
Celanova	1
Chandrexa de Queixa	3
Coles	1
Irixo, O	3
Maceda	1
Melón	1
Parada de Sil	1
Peroxa, A	1
Pobra de Trives, A	1
Quintela de Leirado	1
Vilar de Barrio	1
Agolada	1
Campo Lameiro	8
Cañiza, A	1
Cerdedo	1
Covelo, O	3
Cuntis	1
Estrada, A	12
Forcarei	1
Fornelos de Montes	4
Lalín	13
Lama, A	4
Ponte Caldelas	1
Rodeiro	1
Silleda	7
Vila de Cruces	1

ANEXO V

DECLARACIÓN SOBRE OUTRAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS

O solicitante SI NON recibiu con anterioridade outras axudas de organismos públicos para a prevención de ataques do lobo ao gando.

O solicitante SI NON solicitou con anterioridade outras axudas de organismos públicos para a prevención de ataques do lobo ao gando.

En caso afirmativo, indíquese o/os organismo/s e a data de concesión ou solicitude:

ORGANISMO	DATA DE		IMPORTE
	SOLICITUDE	CONCESIÓN	

, de de
 SINATURA DO SOLICITANTE

Servizo de Conservación da Natureza. Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible
 Praza Luís Seoane, s/n-5ª Rolda da Muralla, 70-1ª Rúa do Paseo, 18 Rúa Benito Corbal, 47-5ª
 15008 A Coruña 27002 Lugo 32003 Ourense 36071 Pontevedra

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Corrección de erros.-Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se convocan, para o exercicio do ano 2009, as subvencións destinadas ás entidades locais para a implantación e desenvolvemento de bancos municipais de tempo, plans de programación do tempo da cidade, plans de conciliación local e/ou outras medidas municipais de conciliación.

Advertidos erros no texto da orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 6, do 9 de xaneiro de 2009, cómpre facer as seguintes correccións:

Primeira.-No artigo 3º epígrafe a), páxina 534, onde di: «a) Os gastos recollidos no artigo 13.1º,», debe dicir: «a) Os gastos recollidos no artigo 12º.1,».

Segunda.-No artigo 3º epígrafe b), páxina 535, onde di: «b) Os gastos recollidos no artigo 13.1º,

.....», debe dicir: «b) Os gastos recollidos no artigo 12º.1,».

Terceira.-No artigo 8º, punto 2, páxina 536, onde di: «Para os gastos correntes a contía máxima que se vai conceder será de 30.000 euros. Para os gastos orixinados pola adquisición de activos mobiliarios a subvención non poderá superar os 2.000 euros», debe dicir: «Para os gastos correntes incluídos no artigo 12º.1 epígrafes a) e c), a contía máxima que se vai conceder será de 30.000 euros. Para os gastos orixinados pola adquisición de activos mobiliarios incluídos no artigo 12º.1 epígrafe b), a subvención non poderá superar os 2.000 euros».

Cuarta.-No artigo 11º, punto 2, páxina 537, onde di: «2. O pagamento efectuarase unha vez realizada a actividade ou actividades e xustificadas correctamente os gastos realizados, segundo o artigo 14º», debe dicir: «2. O pagamento efectuarase unha vez realizada a actividade ou actividades e xustificadas correctamente os gastos realizados, segundo o artigo 13º».